1.- INTRODUCCIÓN.

1.1.-XUSTIFICACIÓN

Para elaborar o noso proxecto partiuse da existencia das "Illas de plástico" nos océanos. O obxectivo foi levar a investigación das causas da súa existencia dende o resultado final ata o fogar, os actos máis cotidians, coa idea de:

- Por unha banda, sensibilizar ao alumnado e comunidade educativa do protagonismo de cada quen, como suxeitos activos (acción positivas e negativas) na natureza e como esta establece un feed-back que repercute na calidade de vida e o futuro do planeta.
- Por outra, obter información significativa de aspectos básicos que nesa interacción co medio repercuten na calidade de vida das persoas: entorno e saúde.

O proxecto, internivelar e colectivo, implicou ademais da fase de investigación, actividades de sensibilización e de acción encamiñadas ao descubrimento, experimentación e integración de actitudes positivas, posicionamentos e comportamentos críticos , proactivos coa temática traballada

1.2- TEMPORALIZACIÓN

A data de comezo do proxecto foi o 24 de outubro **"Día das bibliotecas escolares"**. Nunha asemblea escolar fíxose a presentación xeral para todo o alumnado do centro, facendo un plantexamento do que ía ser a dinámica anual.

Rematou cunha exposición o 5 de xuño, na que os distintos grupos de traballo amosaron informacións, materiais, conclusións e propostas de acción persoais e como colectivo ás que chegaron ao longo do seu desenvolvemento.

1.3- PARTICIPANTES

Participou no desenvolvemento do proxecto todo o alumnado (264 alumnas e alumnos), profesorado(22 mestras e mestres) desde as súas titorías ou áreas coordinados polo Equipo de Biblioteca e tamén coa colaboración dos demais equipos (EDLG, Extraescolares E TICS), ademais contamos coa colaboración activa das familias coa aportación de información acompañando ao alumnado na procura da mesma e na creación de materiais.

2.- OBXECTIVOS

Con este proxecto pretendiamos acadar os seguintes obxectivos.

- Contribuír á mellora no proceso de alfabetización informacional.

- Potenciar o traballo en equipo, aprendendo a implicarse e respectar as opinións e propostas das compañeiras e compañeiros.
- Seleccionar e tratar a información desde un punto de vista crítico, utilizando diferentes tipos de textos e soportes.
- Elaborar diferentes tipos de materiais escritos, dixitais e orais: exposicións, carteis, monografías, representacións, entre outros.
- Sensibilizar ao alumnado e comunidade educativa do protagonismo de cada quen, como suxeitos activos (acción positivas e negativas) na natureza e como esta establece un feed-back que repercute na calidade de vida e o futuro do planeta.
- Obter información significativa de aspectos básicos que nesa interacción co medio repercuten na calidade de vida das persoas: entorno e saúde.

3.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Coa posta en marcha do **Proxecto SOMOS O QUE COMEMOS** pretendeuse que o alumnado desenvolvera as seguintes competencias clave:

Competencia lingüística: traballáronse as catro destrezas que compoñen esta competencia:
- *Comprensión escrita*: coa busca de información a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes, partindo da consideración da lectura como unha destreza básica para a aprendizaxe sendo, ademais, a principal vía de acceso a todas as áreas do currículo.

- *Comprensión oral*: Ampliación do seu vocabulario en relación aos temas que se desenvolveron.

- *Comunicación oral*: Constituíu unha parte fundamental do produto final do proxecto, relacionado coa exposición oral das investigación realizadas ao longo do proceso.
- *Comunicación escrita*: a través das producións elaboradas polo alumnado participante neste proxecto (textos, murais, presentacións dixitais…)

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: desenvolvemento do pensamento crítico coa utilización do método científico como forma de achegamento do alumnado á ciencia familiarizándose cos conceptos e procesos científicos.
A través da posta en relevancia dos aspectos científicos presentes na vida cotiá, pretendeuse fomentar unha aprendizaxe significativa favorecendo, ademais, actitudes e valores positivos cara a ciencia.

Competencia dixital: para responder as preguntas postuladas na fase inicial dos proxectos utilizáronse, entre outras, bases de datos informáticas, o que requiriu a xestión, análise e interpretación desta información por parte do alumnado. Ademais, realizáronse presentacións dixitais coa información obtida e traballada con anterioridade.

Aprender a aprender: a metodoloxía implícita na realización deste proxecto supuxo a participación directa de nenas e nenos en todas a súas fases, converténdose en protagonista da súa aprendizaxe e favorecendo a motivación, a curiosidade e a necesidade de aprender.

Competencias sociais e cívicas / Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: Desde a perspectiva do traballo cooperativo. É precisa a achega de todas e todos para a consecución do éxito do proxecto, e todo o que iso implica de iniciativa personal, escoita activa, respecto polas aportacións dos demais, implicación, motivación, autonomía, iniciativa na proposta de liñas de traballo...

4.- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

Desde o equipo de Biblioteca proponse desenvolver o proxecto "Somos o que Comemos" para lanzar a propossta partiuse da existencia das "Illas de plástico" nos océanos. O obxectivo foi levar a investigación das causas da súa existencia dende o resultado final ata o fogar.

O proxecto, internivelar e colectivo, conlevou ademais da fase de investigación, actividades de sensibilización e de acción encamiñadas ao descubrimento, experimentación e integración de actitudes positivas, posicionamentos e comportamentos críticos, proactivos coa temática traballada.

Incidíronse en cuestións como:

- Reciclaxe
- Agricultura e alimentación (ecolóxica e produción masificada)

- Deporte
- Hixiene
- Respecto e coidado do entorno natural
- Alimentación: transformación saudable e non dos alimentos (comida basura) Saúde alimentaria: obesidade, trastornos alimentarios, modas alimentarias...

5.-DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Proposta baseada no traballo cooperativo e interdisciplinario, a nivel de aula e de centro. No desenvolvemento seguíronse as pautas da metodoloxía de traballo por proxectos, comezando pola recollida de coñecementos previos, ata a obtención dos produtos/ resultados tal como se amosa na seguinte infografía.

https://drive.google.com/file/d/0B0_X2V2gFCgtaWNvTWZiRE10cms/view?usp=sharing

1ª Fase de PLANIFICACIÓN:

Dado que o tema de investigación foi proposto, a toma de decisión estivo relacionada cos pasos a dar para ir avanzando no obxecto de investigar.

Presentación ao alumnado dun mural no que se representou un planisferio. Nel, en diferentes zonas nos océanos Atlántico e Pacífico compóñense "Illas de plástico" representadas con restos de envases das nosas merendas de media mañá. Pídeselles que pensen na cuestión de: *Como chegou este plástico ao océano? É posible?* ***Que temos nós que ver con iso?***

Cada nivel acudiu a esta actividade e levou consigo á aula as interrogantes que se lle plantexaron na observación do planisferio:

Illas de plástico?, que son?, existen?, onde?, canto miden?, porque existen?...

2ª Fase de ELABORACIÓN, INVESTIGACIÓN E PROXECTOS ESPECÍFICOS

A desenvolver nas diferentes titorías. Cada unha delas desenvolveu un programa de actividades de cara a afondar nas temáticas elixidas dentro do proxecto de centro. A función da biblioteca ao longo deste proceso foi a de facilitar información e diferentes soportes de tratamento da mesma.

PRESENTACIÓN DE ACTIVIDADES E TAREFAS REALIZADAS POLOS DIFERENTES GRUPOS

A relación de tarefas dos distintos grupos conlevou a toma de decisión dos diferentes campos de investigación:

E. INFANTIL : *" De plástico…"*

O Ciclo de Educación Infantil centrouse na investigación do plástico como material presente na nosa vida. Que é e que non é de plástico? De onde saíu? Vantaxes e inconvenientes… A nivel xeral, as actividades desenvolvidas no proxecto foron.

✓ Partimos da actividade de presentación do proxecto: que temos nós que ver coas illas de plástico?

Neste momento do proxecto centrámonos na observación de situacións e consecuencias directas e indirectas do vertido de plástico e outros residuos (toalliñas de bebé) ao mar. Iso serviu para dar comezo á investigación de porqué ese material é tan nocivo. Que é? Que ten? De onde saíu?...

Adobe Acrobat Document

1º - 2º E. PRIMARIA: *" Sabemos o que comemos?"*

Peixe, carne, verduras e froitas. Produción ecolóxica e masiva.

O alumnado do **1º nivel** centrouse na investigación e descubrimento dos tipos de cultivo: ECOLÓXICO OU MASIVO, valorando as vantaxes do primeiro desde o punto de vista dunha alimentación saudable.

Adobe Acrobat Document

O alumnado de **2º nivel** centrouse no peixe e na carne afondando na distinción e coñecemento dos diferentes modelos de produción: pesca salvaxe e de piscifactoría ou a gandaría extensiva ou intensiva. Buscouse fomentar, traballando de xeito colaborativo, unha actitude crítica fronte aos problemas medioambientais.

Realizaron actividades varias de :

* Recompilación de información, con participación das familias do alumnado
* Composición de textos escritos cos datos recompilados
* Actividades plásticas de cara a exposición dos resultados das investigacións.
* Participación en charla relacionada coa temática: cultivo ecolóxico. Distinguindo plantas.
* Charla sobre alimentación saudable.
* Elaboración de invernadoiros: cultivo masivo. Mar de plástico
* Visualización e utilización de vídeos e documentos en web
* Elaboración de receitas saudables
* Cociña

https://www.youtube.com/watch?v=PdV3zF3zO8c
https://www.youtube.com/watch?v=XU7LIrxU_fA
https://www.youtube.com/watch?v=hVhLkQhHeyI
https://www.youtube.com/watch?v=PCJOF4-Kqk4
https://verne.elpais.com/verne/2015/09/23/articulo/1443003299_631218.html
https://www.youtube.com/watch?v=UP3ZYodEPUk
https://www.youtube.com/watch?v=Kd3qYBSex6U

PROXECTO OS PEIXES.pptx

3º E. PRIMARIA: *" Que ten o que comemos?"*

Pirámide alimentaria, hixiene no tratamento dos alimentos que consumimos. Actividades realizadas:

* Procura e tratamento da información.

* Actividades plásticas para a exposición das investigacións realizadas.

* Participación na elaboración da maqueta "Barouta Sostible".

* Plantación de árbores froiteiras: conexión con merendas saudables no futuro.

* Cultivo de legumes e hortalizas de forma ecolóxica. Documentación aportada pola biblioteca escolar.

* Aprendizaxe sistema de goteo para o regadío na hora e no bosque dos Embaroutados.

* Uso da metodoloxía STEM.

PDI TERCEIRO NIVEL BAROUTA 17 18.pdf

4º A E. PRIMARIA: *"Do colector da casa a onde?"*

O proxecto centrouse na alimentación, o deporte, a reciclaxe, a ecoloxía, e a conservación do noso patrimonio cultural e natural. Actividades básicas:

*Iniciación do alumnado na programación básica, a robótica e a construción, para informar e concienciar á comunidade educativa da necesidade de levar a cabo os 3 R, procurando a promoción, coñecemento e posta en valor do noso patrimonio cultural e natural.

Para acadar os obxectivos levamos a cabo un proceso de traballo e actividades en diferentes fases:

1º FASE: SENSIBILIZACIÓN

- A través do contacto coa súa contorna máis próxima.
- Familiarización coa robótica, novas tecnoloxías e medios de comunicación.
- Interiorización dos 3 R: Reducir, reusar e reciclar.

2º FASE: INVESTIGACIÓN

- Asesoramento e colaboración co departamento de medio ambiente do concello de Ames.
- Andainas polo concello e saídas ás plantas de separación de residuos (Sogama)
- Consulta de material bibliográfico e webgrafías: recollida inicial de datos, imaxes, vídeos e entrevistas.
- Encontros interxeracionais a través de programas de radio.
- Emprego dos Lego We Do 2.0. para a construción e programación de diferentes dispositivos.

3º FASE: ORGANIZACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

- Estudo dos datos e material recollido.
- Realización dunha guía do noso patrimonio material e inmaterial, a través das nosas construcións tradicionais e toponimia propia do lugar.
- Elaboración de paneis informativos que nos permitiron coñecer como debemos tratar os residuos producidos na escola.
- Cambios de hábitos nas nosas merendas na escola e na casa.
- Colaboración con diversas institucións tanto públicas como privadas.
- Montaxe e programación dos camións do lixo e reciclaxe, empregando os lego we do 2.0, a través de diferentes fases:
    - **Fase explorar**: a través dun vídeo introdutorio sobre a importancia da reciclaxe. Debate en grupo e documentación das súas ideas.
    - **Fase crear**: construíndo un camión de reciclaxe e programando o modelo.
    - **Fase compartir**: documentando os seus prototipos, compartindo as súas experiencias de diferentes maneiras e presentando o seu proxecto a través de diferentes medios.

4º FASE: DIFUSIÓN

- Difusión da nosa guía a través de diferentes medios e redes sociais.
- Patrocinadores dos nosos anteriores proxectos.
- Contacto cos medios de comunicación: Radio Ames, La Voz de Galicia, TVG.

Adobe Acrobat Document

4º B E. PRIMARIA contaminantes que afectan ao solo, ao aire e á auga

Actividades tipo realizadas: Investigación, empregando as TIC e os xornais, dos tipos de contaminantes que afectan ao noso entorno e que poden observar de forma cotiá, identificando as actividades que realizamos que xeran esas formas de contaminación.

Investigación de como chega ata os animais, as plantas, a auga e o aire a contaminación xerada e como de xeito directo e indirecto inflúe nas persoas.

Para contrarrestar as actividades prexudiciais realizadas no medio ambiente, indagación sobre as medidas que debemos adoptar para contribuír ao consumo e o uso responsable dos recursos. Estas medidas recolléronse nun mural que leva por título **"Os 10 mandamentos sostibles".**

Xunto coas actuacións sostibles que debemos seguir para un uso responsable dos recursos, traballo que cada un e unha de nós pode facer para ese uso responsable a través do tratamento dos residuos. En especial, mediante a observación do etiquetado dos produtos e a forma da correcta reciclaxe dos envases que expuxeron no mural "Os 10 mandamentos da reciclaxe".

Incidindo na actuación de cada neno e nena na reciclaxe e o tratamento dos residuos, participación na representación dunha maqueta do noso centro escolar. Nesta maqueta aparecen reflexadas as actuación relacionadas coas 3R que se levan a cabo no centro tales como a recollida selectiva do lixo, a realización dun compostoiro, o horto escolar que inclúe a plantación de árbores froiteiras,...

Na mesma actividade, está incluída a materia de robótica, onde o alumnado da aula manexou e programou pequenos robots que simulaban ser camións de recollida de lixo de xeito selectivo, dende os diferentes tipos de colectores de lixo nos lugares que estaban reflexados na maqueta.

5ºE. PRIMARIA: *" Preocúpate – Ocúpate "* . Recicla- Reusa- Reduce. Recrearte.

Actividades de investigación sobre o plástico. Presencia na contorna natural.

Actividades realizadas:

* observación, identificación e análise de problemáticas observadas mediante a visualización de imaxes e vídeos.

* recollida, organización e tratamento da información: elaboración de paneis e murais explicativos.

* emisión de hipóteses e procura de solucións partindo da lei dos 3R

* elaboración individual e colectiva de obras plásticas e esculturas con materias de refugallo. Traballo cooperativo.

* actividade interdiscplinar coa área de lingua inglesa con manexo de vocabulario e construción de colectores para a reciclaxe.

6º E.PRIMARIA: *" Aprendendo a ler as etiquetas "* .

Investigación dos elementos que contén unha etiqueta, verdade e mentira, linguaxe que convén saber e interpretar…

*Creación do recuncho "CONCIÉNCIATE" unha mirada crítica á sociedade . tocando dous puntos fundamentais: Coñecer e concienciarnos coa situación do medio no que vivimos e preocupármonos e observar a cantidade de lixo que se amorea na Terra (consecuencias , solucións).

*"Brainstorming" logo da visualización do vídeo " Contaminación en el mundo animado"

* Reutilización do plástico no RECUNCHO ReconcienciARTE (en colaboración con 5º).

* Investigación sobre como nos alimentamos.

* Coñecemento e reflexión sobre a sobrealimentación e consumismo.

* Investigación sobre as etiquetas nutricionais e os distintos tipos de nutrientes que son saudables para a nosa dieta.

* Traballo creativo na elaboración de alimentos con enxeño , inventando os seus compoñentes e nutrientes.

* Elaboración dunha maqueta en colaboración con outros cursos onde se representa a escala un CEIP de Barouta máis saudable , sostible e ecolóxico no que a robótica e as novas tecnoloxías serán un importante punto de apoio.

Adobe Acrobat Document

3º - 4º - 6º E. PRIMARIA

Deseño a escala e en 3D dunha maqueta do centro no que se convirte o colexio nunha **Smart school**. Programación de robots para que amosen o proceso de transporte de residuos dunha hipotética ***"Barouta sostible".***

Así mesmo propuxéronse actividades que completaron e ampliaron a información sobre as diferentes temáticas:

- ✓ **Para o ALUMNADO propostas de acción e charlas no espazo da biblioteca:**
- Charla- exposición para o alumnado de E. Infantil sobre o plástico: orixe e materiais plásticos. Alternativas e progreso no proceso de fabricación. O futuro: plástico menos contaminante. Foi impartida por un pai, químico de profesión, que traballa nunha empresa de tratamento de residuos químicos.

  http://artellandonocole.blogspot.com/2018/05/somos-o-que-comemos-visita-de-pedro.html

- Charla- exposición para o alumnado de 4ºnivel de E.PRIMARIA sobre o plástico: orixe e materiais plásticos. Alternativas e progreso no proceso de fabricación. Tratamento dos residuos plásticos. O futuro: plástico menos contaminante. Foi impartida por un pai, químico de profesión e que traballa nunha empresa de tratamento de residuos químicos.
- Charla- presentación para o alumnado de 1º e 2º nivel de E. Primaria relacionada coa alimentación saudable, impartida por un mestre de cociña da Escola de Hostaleira de Compostela.
- Actividade de experimentación e información sobre cultivo ecolóxico. Colaboración dunha persoa experta no tema propietaria dunha granxa desta categoría.
- Charla e actividade lúdica cun equipo de axentes medioambientais do distrito 3 (Comarca de Ordes-Compostela) para todo o alumnado do centro. Presentación de información e pautas a seguir no desfrute e coidado do medio ambiente. Experimentación con materiais e elementos relacionados co traballo destes profesionais.

  http://artellandonocole.blogspot.com/search/label/VISITA%20GARDAS%20FORESTAIS

- Charla sobre os incendios. No 1º trimestre, e enlazando coa actualidade do momento (ola de incendios en Galicia) contamos coa colaboración e presencia dun pai de profesión bombeiro que fixo unha exposición sobre os incendios, hábitos e comportamentos no coidado dos bosques, efectos do lume na natureza… buscando sensibilizar ao alumnado fronte este grave problema medioambiental.

  https://artellandonocole.blogspot.com/2017/10/que-pasa-no-monte.html

- Charla de Pedro Nimo e Pilar Veiga sobre deporte e hábitos saudables. Todo o alumnado do centro participou desta actividade o 30 de xaneiro, Día da PAZ, previa a actividade de II CARREIRA SOLIDARIA "Móvome pola paz" (esta actividade foi gravada e emitida pola TVG)
- Charlas sobre Educación Viaria. Realizáronse 2 charlas por parte da policía local de Ames relacionadas con hábitos de seguridade vial. Na 1ª participou ,por quendas, todo o alumnado do centro, obtendo un carné de colaboración. A 2ª charla, para alumnado dos niveis de 4º e 6º de EP, foi previa a unha saída en bicicleta pola contorna con acompañamento da policía local.

http://artellandonocole.blogspot.com/2017/11/charla-sobre-seguridade-viaria.html

- Participación no programa que oferta a Consellería dentro do Plan Proxecta "Aliméntate Ben"

http://artellandonocole.blogspot.com/search/label/SEMANAS%20DE%20FROITA

Para a COMUNIDADE EDUCATIVA:

- Realización de charlas coloquio enmarcadas na actividade **"Un chocolate con…",** todas elas enfocadas a facilitar información/formación ás familias e membros da comunidade sobre temáticas relacionadas coa crianza saudable.
  - ***"A importancia da visión na aprendizaxe"***. Impartida por Gonzalo García, óptico optometrista especialista en terapia visual.
  - ***"A necesidade do xogo para o desenvolvemento infantil"***. Impartida por Joaquín Blix, terapeuta especialista en terapia de xogo.
  - ***"Xénero e igualdade".*** Impartida por Mª José Méndez Lois vicedecana da Facultade de Ciencias da Educación.

  <iframe src="https://www.facebook.com/plugins/post.php?href=https%3A%2F%2Fwww.facebook.com%2Fceipdebarouta%2Fposts%2F2015914055395460&width=500" width="500" height="616" style="border:none;overflow:hidden" scrolling="no" frameborder="0" allowTransparency="true" allow="encrypted-media"></iframe>

  - ***"Alimentación +deporte= Saúde".*** Mesa redonda realizada o 5 de xuño Día mundial do medio ambiente, elixido para a exposición dos resultados do proxecto. Participaron na mesma Javier Rico, profesor da Facultade de Ciencias da Educación que actuou de moderador, Toni López xornalista da Radio Galega, Alberto Viaño técnico de deportes do Concello de Ames, Álvaro Illobre deportista paralímpico e Rosaura Leis coordinadora de nutrición pediátrica do CHUS.
- **"Saca o plástico da auga". PROXECTO COMUNITARIO DE CENTRO** para a introdución de cambios nos hábitos cotidianos nas familias do alumnado cara a transformación no noso entorno próximo e así tamén o noso mundo. Descubrimos que estamos rodeados/as de plástico, envolvemos os nosos alimentos e líquidos nel, cando non nos serve, acaba no mar. Decidimos que pouco a pouco queremos cambiar isto, en equipo, en comunidade. Acción na que convidamos as familias a que **deixen de usar botellas de plástico**, propoñendo cambialas polas novas cantimploras de "EmBarouta-T".

RELACIÓN DO PROXECTO COAS CELEBRACIÓNS ANUAIS

- **MAGOSTO**: Xogos populares e elaboración libro de **"Receitas de outono"** en colaboración coas familias pasando a formar parte dos fondos da biblioteca.
- **SAMAÍN**: concurso de **CONTOS DE MEDO** para todo o alumnado do colexio. Actividade de colaboración coas familias. Exposición no centro previa á elaboración do libro que, conformado, pasou a formar parte dos fondos da biblioteca.
- **25 NOVEMBRO**: **" Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres"**. Actividades colectivas e de titoría interdisciplinarias con participación de todo o alumnado do centro: o equipo de biblioteca fixo

unha selección de información e materiais en distintos soportes facilitando ás titorías a práctica diaria. Arredor desta celebración realizáronse as actividades:

- Elaboración de cartaces – denuncia diferentes situacións de maltrato para a súa exposición no centro
- Análise de imaxes e situacións de micro e macromachismos na realidade cotiá
- Adquisición de bibliografía recomendada
- Incorporación de materiais audiovisuais á intranet do centro: audios, vídeos para a realización de actividades de sensibilización e análise nas titorías.
- Selección e realización de audicións e visualización de vídeos e/ou imaxes alusivas á temática.
- Selección, análise, exposición e lectura de textos e contos para as diferentes idades e titorías.
- Procura de información na web dando significado a vocabulario relacionado coa temática: feminicidio, violencia de xénero, macromachismos, micromachismos…
- "Tendais contra a violencia": actividade colectiva de composición escrita a partir da cuestión Que lle dirías a quen maltrata?
- Composicións de slogans e exposición nos corredores do colexio
- Reparto de fitas cor malva entre todo o alumnado como conmemoración do día.
- Ambientación do centro cos materiais elaborados polo alumnado.
- Difusión da actividade á comunidade educativa por diferentes medios. Invitación á participación.

http://artellandonocole.blogspot.com/2017/11/25-de-novembro-dia-internacional-da.html
https://www.facebook.com/ceipdebarouta/videos/1913992022254331/
https://www.facebook.com/ceipdebarouta/videos/1913985925588274/

BAROUTA EN NEGRO.mp4

- **NADAL:** Celebración do Festival de Nadal; actividade colectiva coa participación de toda a comunidade educativa, montouse un escenario no pavillón onde se realizaron diferentes actuacións a maioría relacionadas co proxecto de centro. Ambientación das aulas, corredores e escenario con adornos elaborados con materiais de refugallo.

- **DÍA DA PAZ** : CARREIRA SOLIDARIA "Móvome pola paz". Participación de toda a comunidade educativa. Charlas de Pilar Veiga e Pedro Nimo. Recollida de alimentos e donación ao Banco Municipal de alimentos.

http://www.concellodeames.gal/nova.php?noticia=16170&idioma=gl&sec=32

https://www.youtube.com/watch?v=no7fZivqdg8&feature=youtu.be

- **ENTROIDO**: Desfile "Somos o que comemos". Cada titoría organizou os disfraces de acordo coa temática de participación no proxecto de centro. Elaboración de cartaces e demais aterezo para a celebración.

https://www.facebook.com/ceipdebarouta/photos/pcb.1950982985221901/1950982768555256/?type=3&theater

https://artellandonocole.blogspot.com/2018/03/entroido-2018.html

- **8 DE MARZO**: "Día das mulleres". Actividade colectiva con participación de todo o alumnado. Tratamento da linguaxe: cara o uso no centro dunha linguaxe non sexista tanto a nivel oral coma escrito. Compromiso vinculante da comunidade educativa.
  - Actividades en titoría: análise de textos en prensa, libros, análise audiovisual de linguaxe.
  - Xornada inclusiva cunha actividade colectiva de intercambio de delantais simbolizando a coparticipación á responsabilidade doméstica.

https://www.facebook.com/ceipdebarouta/videos/1970575109929355/

  - Montaxe de photocall utilizando textos formato cómic facendo alusión a slogans referidos ao uso da linguaxe Invitación á participación de toda a comunidade educativa https://www.facebook.com/ceipdebarouta/photos/a.1640912449562291.1073741829.1625932054393664/1968657793454420/?type=3&theater

https://www.facebook.com/ceipdebarouta/photos/a.1640912449562291.1073741829.1625932054393664/1968658100121056/?type=3&theater

- Montaxe de cartel colectivo a partir do lema " +… é =" na entrada do colexio. utilizando soporte de slogan (+ compromiso é igualdade, + tolerancia é = …).

http://artellandonocole.blogspot.com/2018/03/8-de-marzo.html

- Celebración do Día do Libro :
  - Desenvolvemento da proposta **"contos en recantos":** actividade colectiva internivelar de lectura, alumnado de 6º nivel – alumnado de E. Infantil

3ª Fase de EXPOSICIÓN DOS RESULTADOS …

…Das investigacións dos distintos grupos, sendo a exposición o produto final do proceso.

- **ORGANIZACIÓN E MONTAXE DA EXPOSICIÓN.**

Rematados os proxectos, cada titoría participante responsabilizouse da montaxe e exposición do espazo correspondente. Utilizáronse diferentes soportes informativos, materiais e recursos plásticos e audiovisuais para a súa conformación.

A montaxe realizouse en distintos espazos do centro: entrada, corredores, escaleiras e biblioteca, facendo un percorrido circular que foi levando ao alumnado, familias e persoas visitantes polos distintos puntos de información e exposición nunha secuencia lóxica de presentación.

https://www.youtube.com/watch?v=yIg2VBteK_0&feature=youtu.be

Por outra banda, os mesmos grupos planificaron a exposición oral da información e conclusións das investigación realizadas. Fíxose especial fincapé neste aspecto, por canto valorouse como un recurso didáctico de máximo interese na formación do aspecto de alfabetización informacional.

Unha vez completado este traballo de deseño e construción colectiva, organizouse o proceso de dar publicidade ás investigacións e coñecementos adquiridos durante o curso no tempo de desenvolvemento do proxecto "SOMOS O QUE COMEMOS"

- **VISITA GUIADA PARA ALUMNADO E FAMILIAS**

Todo o centro estivo aberto para ser visitado pola mañá tanto polo alumnado do centro como por toda a comunidade educativa. Ao longo do mes de xuño, a exposición permanecerá aberta para poder ser visitada e desfrutada pola comunidade educativa.

ORGANIZACIÓN DA VISITA:

Deuse publicidade á exposición e actividades relacionadas coa mesma por diferentes vías, buscando lograr a maior difusión posible na comunidade educativa. Fixéronse ademais invitacións que se fixeron chegar á familias e outros membros da comunidade : redes socias, TokApp School, invitación impresa...

Organizáronse distintos elementos complementarios (mesa para reparto das entradas, paneis informativos da exposición, libro de visitas…) na entrada do colexio, servindo de orientación para as persoas visitantes.

E finalmente marcáronse os tempos de visita guiada:

- ✓ para alumnado de todo o centro,
- ✓ para as familias e demais visitantes da comunidade

Cumpriuse satisfactoriamente o obxectivo de que alumnado , profesorado e todas aquelas persoas da comunidade que se achegaron, puidesen facer o maior aproveitamento posible da información exposta e desfrutar da calidade dos resultados dun traballo colectivo , exemplo dun cambio metodolóxico cara o que se pretende camiñar no noso centro.

Neste día 5 de xuño, ademais de inaugurar a exposición do proxecto "**SOMOS O QUE COMEMOS"** organizáronse unha serie de actividades que compartiron tempo e espazo coa mesma de cara a poñer punto ao proxecto.

XORNADA DE MAÑÁN :

- ✓ **Gravación do programa de radio "*Galicia en Tokio*"**, a cargo do xornalista deportivo da Radio Galega Toni López. Programa a emitir o sábado 9 de xuño. Nel entrevistou a Álvaro Illobre que fixo aportacións relacionadas co deporte paralímpico e saúde, Alonso Caxade como director do centro explicando o proxecto "Somos o que comemos" e todo o alumnado de 5º e 6º nivel de E Primaria que estiveron presentes en toda a gravación e fixeron preguntas aos diferentes invitados no programa.
- ✓ **Actividade deportiva INCLUSIVA** coa colaboración de Álvaro Illobre , varios membros do equipo de baloncesto BASKETMI e Toni López, campión paralímpico de judo. Todo o alumnado do centro participou, por quendas, nesta actividade na que varios deportistas paralímpicos fixeron demostracións de diferentes deportes animando ao alumnado a participar e utilizar cadeiras de rodas e outros aparellos.
  Foi unha actividade de alto interese educativo na que no contacto directo e espontáneo cos deportistas se lle plantexaron ao alumnado cuestión relacionadas co respecto, inclusión, barreiras, superación persoal…
  Motivou a realización de actividades posteriores de reflexión e posicionamento persoal tendo como marco o deporte convencional e publicidade.
- ✓ **VISITA GUIADA á exposición para as familias** do alumnado. Nesta visita alumnado dos diferentes cursos presentou ás persoas visitantes os resultados do traballo da aula nos diferentes aspectos investigados.

XORNADA DE TARDE:

Mesa redonda *" Alimentación +deporte= Saúde".*

Participaron na mesma Javier Rico, profesor da Facultade de Ciencias da Educación que actuou de moderador, Toni López xornalista da Radio Galega, Alberto Viaño técnico de deportes do Concello de Ames, Álvaro Illobre deportista paralímpico e Rosaura Leis coordinadora de nutrición pediátrica do CHUS.

O resultado da actividade foi exitoso, cunha alta participación da comunidade educativa. Os/a poñentes compartiron informacións e posicionamentos moi interesantes en relación a hábitos saudables de alimentación e deporte, estando valorada moi positivamente por parte das familias participantes.

<iframe src="https://www.facebook.com/plugins/post.php?href=https%3A%2F%2Fwww.facebook.com%2Fceipdebarouta%2Fposts%2F2018447458475453&width=500" width="500" height="707" style="border:none;overflow:hidden" scrolling="no" frameborder="0" allowTransparency="true" allow="encrypted-media"></iframe>

6.-DOCUMENTACIÓN DE APOIO FACILITADA DESDE A BIBLIOTECA ESCOLAR PARA PROFESORADO E ALUMNADO, RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS.

Ao longo deste proxecto empregáronse recursos múltiples, tanto no deseño das actividades como na posta en marcha das mesmas co alumnado:

- Consulta de bibliografía facilitada pola biblioteca, para a consulta nas aulas, na intranet do centro e en soporte impreso (prensa, revistas especializadas, libros de carácter científico....)
- Materias gráficos e impresos que aportaron as familias.
- Imaxes impresas e dixitais obtidas na fase de investigación.
- Páxinas web relacionadas co tema. O equipo de biblioteca facilitou recomendacións e enlaces interesantes a páxinas web para o desenvolvemento do proxecto .
- Elaboración e manexo de PPts e vídeos das diferentes vertentes da temática de estudo.
- Rexistro da información en fichas de datos, cadernos de traballo.
- Robot lego

7.-ACTIVIDADES TIPO DESENVOLVIDAS POLO ALUMNADO PARTICIPANTE NO PROXECTO.

Se ben cada titoría desenvolveu diferentes actividades relacionadas co obxecto de investigación, de xeito xeral pódense considerar actividades tipo:

- ✓ Procura e selección de recursos e información en diferentes fontes .
- ✓ Debates sobre ideas, defensa de diferentes posicións no traballo en equipo.
- ✓ Lectura de diferentes tipos de textos, e extracción da información relevante.
- ✓ Elaboración de diferentes tipos de textos: descritivo, informativo, expositivo, literario, instrutivo, narrativo, de uso social.
- ✓ Agrupamentos cooperativos para realización das actividades planeadas: achegando ideas, solucións, chegando a acordos, respectando as opinións dos demais previas e durante o desenvolvemento da tarefa.
- ✓ Utilización de diversas ferramentas TIC para presentar os produtos elaborados: Windows Movie Maker, Canva, Filmora, Youtube, Vimeo, Slide Share, Audacity, blog de EI artellandonocole.blogspot.com.
- ✓ Manexo de diferentes técnicas artísticas para a construción e creación de produtos reciclados.
- ✓ Organización dos materiais elaborados : exposición oral , presentación escrita, plástica e audiovisual.

8.-PARTICIPACIÓN COMUNIDADE EDUCATIVA

Participación activa de colaboración directa e indirecta no desenvolvemento do proxecto

- Colaborando na organización e montaxe das actividades colectivas anuais. Alta participación.
- Participación nas actividades anuais e do proxecto de centro:
- Nas titorías: aportando materias de apoio á investigación e obtención de datos.
- Aportando experiencias profesionais: charlas varias.
- Participando nas sesións "Un chocolate con…" desenvolvidas ao longo do proxecto.
- Colaborando na realización de obradoiros.

- Colaborando na montaxe da exposición e das actividades propias para as familias.
- Doando libros.
- Colaborando a ANPA no proxecto Em-Barouta-T.
- Aportando produtos e materiais nas actividades anuais.
- ANPA: talleres de cabezóns, robótica e apicultura para alumnado e familias.

9.- DIFUSIÓN DOS TRABALLO ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

Para dar a coñecer este proxecto e difundilo dispuxemos:

- Exposicións de murais e traballos nos corredores, aulas e biblioteca do centro.
- Blogue da biblioteca.
- Blogue ciclo de infantil.
- Redes sociais.
- Notas que se enviaron ás familias.
- Exposición guiada o día do medio ambiente.

10.- AVALIACIÓN EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO

Pretendiamos que fose unha actividade sistemática e permanente integrada dentro do proxecto co fin de melloralo, de axudar e orientar ao alumnado e profesorado participante, de elemento de revisión crítica dos obxectivos, métodos, actividades, estratexias e recursos empregados no proceso.
En consonancia cos obxectivos cifrados para cada nivel incidiuse:

- ***PROFESORADO***

- Formación en aspectos relacionados con metodoloxía por proxectos, traballo colaborativo, intelixencias múltiples e avaliación por competencias
- Reforzo da coordinación e organización entre os membros do claustro no desenvolvemento do proxecto común
- Dinámica do traballo por proxectos.
- Aplicación de metodoloxías que supoñan un traballo máis autónomo, e cooperativo (reorganización dos grupos, flexibilidade)
- Aumento da coordinación metodolóxica entre o profesorado
- Desenvolvemento de estratexias para mellorar a capacidade de atención, observación e razoamento
- No emprego de actividades e recursos axeitados á capacidade cognitiva do alumnado utilizando metodoloxías e variedade de recursos acorde aos momentos evolutivos do alumnado (materiais manipulativos).

- ***FAMILIAS***

Implicación das familias no proceso: participación directa en actividades, obradoiros, diferentes aportacións ao proxecto…

- ***ALUMNADO***

- No fomento da expresión oral e escrita correcta no uso das distintas linguas.
- Na contribución á mellora no proceso de alfabetización informacional.
- No traballo de creación de textos funcionais
- No fomento do traballo colaborativo
- No desenvolvemento de actividades que melloren as técnicas de estudo e traballo intelectual.
- No fomento no alumnado hábitos cívicos (limpeza nos lugares de traballo e recreo) e de consumo responsable (auga, luz, alimentación).
- Na utilización das TIC para a procura e interpretación de datos.
- Na resolución de problemas relacionados coa vida cotiá.

Durante o desenvolvemento do proxecto, nas diferentes reunións dos distintos equipos e comisións, así coma no claustro fíxose unha valoración constante do proceso introducindo as modificacións que se consideraron necesarias. Foron, pois, os espazos naturais de avaliación e deseño de medidas que melloraron os resultados. A valoración final, ao remate do proxecto, recolleu o grao de cumprimentos dos obxectivos, as competencias básicas do currículo

calidade das actividades e propostas, suficiencia e idoneidade das medidas e dos recursos aportados, como pauta para a mellora en futuros proxectos.

11.- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA EN TODO O PROCESO

O protagonismo da biblioteca na dinamización do Proxecto de centro foi máximo e supuxo o eixo motivador e de xestión da información para o seu desenvolvemento. A Comisión da biblioteca coordinou as actividades realizadas ao longo do curso.

Con tal motivo, aportou materiais referidos a dar soporte científico e literario ao proxecto (adquisición de fondos de carácter documental e científico), funcionando ademais como espazo de conxunción de experiencias e descubrimentos nos distintos momentos do proceso.

O traballo da Comisión de Biblioteca no desenvolvemento do proxecto centrouse en:

- Dar sentido/ temática ás actividades anuais colectivas.
- Colaboración nas aulas como proxecto de titoría, apoiando o traballo-investigación nas mesmas dos diferentes aspectos e nos distintos momentos do proceso. Con todo, conformouse o traballo global que reverteu en todo o centro.

Ao longo do curso escolar buscouse significar as actividades correspondentes á dinámica anual co proxecto, de xeito que de todas se fixese aproveitamento educativo no marco do proxecto.

Axuntamos memoria fotográfica.

Adobe Acrobat Document

12.- VALORACIÓN FINAL

O desenvolvemento do proxecto "SOMOS O QUE COMEMOS" coa participación interdisciplinaria de todas as aulas, todo o profesorado e unha ampla representación das familias, supuxo para o noso centro un pulo no ánimo de ampliar e integrar como colectivo dinámicas construtivistas e de aprendizaxe por descubrimento na práctica docente diaria a medio prazo.

Faise, por tanto, unha valoración moi positiva tanto do proceso coma dos resultados acadados. O nivel de implicación, e o seu alto interese educativo fíxoo susceptible de incorporación á dinámica anual, dando como resultado que no presente curso estean programados diferentes proxectos na mesma liña metodolóxica.

O camiño percorrido sendo quen de construír colectivamente fai que miremos con optimismo cara unha renovación pedagóxica necesaria para facer unha oferta educativa máis axustada ao noso alumnado, acadando o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades e adaptada ás súas necesidades como persoas. Necesaria para unha educación de calidade.

No vindeiro curso temos previsto incidir na temática de Em-Barouta-T **NÓ SOSTIBLE** aproveitando as aprendizaxes realizadas neste proxecto anual para lanzarnos cara unha transformación progresiva do centro nunha Smart School. A presentación deste proxecto, na defensa da fase final dos "V Premios Proyecta Innovación" (dos que somos gañadores/as), pódese ver no seguinte link: https://www.youtube.com/watch?v=wet0F_f65s0